



nota de prensa

O Goberno de Cuntis sube a taxa da auga

Veciñanza entende que é preciso actualizar a ordenanza fiscal da auga para corraxir o desequilibrio económico que presenta o servizo, pero débese facer progresivamente e non cargar de maneira tan brusca as consecuencias dunha mala xestión económica de gobernos anteriores sobre os petos dos veciños/as de Cuntis

Cuntis, 11 de novembro de 2017. Onte celebrouse unha sesión extraordinaria do pleno municipal adicada a aprobar varios expedientes que precisaban o acordo plenario e maila renovación de dúas importantes ordenanzas: a que fixa as tarifas de auga e a que regula e fixa os prezos das instalacións deportivas municipais.

Veciñanza vén teimando dende o primeiro día que accedeu á Corporación Municipal na necesidade de actualizar as ordenanzas reguladoras e fiscais que rexen en Cuntis sobre diversos servizos. Hai dúas semanas fomos convocados a unha reunión co Alcalde e con dous técnicos municipais para participar na elaboración dalgunhas que están previsto aprobar nos próximos meses. Puidemos facer achegas e amosamos a nosa disconformidade naqueles aspectos que non considerabamos positivos para os veciños/as de Cuntis.

No referido á Ordenanza que fixa as taxas da auga, o voceiro municipal de Veciñanza, Santi Martínez, fixo no pleno as seguintes consideracións:

- A necesidade de actualizala vén dada polo feito de que estamos ante unha taxa que leva sen ser revisada dende o ano 2006. Os efectos da xestión económica do Partido Popular van máis alá do superficial e teñen xerado consecuencias máis graves do que *a priori* se pode apreciar.
- Segundo o informe económico do expediente, o servizo presenta un desequilibrio máis que notable: arroxa arredor de 14.000 euros anuais en perdas.
- Conseguimos incluír na ordenanza a exención da cota mínima para aquelas familias en risco de exclusión social.
- O Goberno Municipal propón duplicar a cota mínima de consumo, quedando as taxas da seguinte maneira:

A) Para usos domésticos:

Mínimo 30 m³ /trimestre:.....7,14€





veciñanza

nota de prensa

Exceso €/m3.....0,36€/m³

B) Para usos industriais:

50 m3/trimestre15,85€

Exceso €/m3.....0,40€/m³

200 m3/trimestre.....38€

Exceso €/m3.....0,40€/m³

4.000 m3/trimestre.....650€

Exceso €/m3.....0,40€/m³

C) Por acometida50€/metro

D) Por Contador40€

Diante destes condicionantes, **Veciñanza entende que é preciso actualizar a ordenanza fiscal da auga para corrixir o desequilibrio económico que presenta o servizo, pero entendemos que se debe facer progresivamente e non cargar de maneira tan brusca as consecuencias dunha mala xestión económica de gobernos anteriores sobre os petos dos veciños/as de Cuntis**, cando xa existe bastante conflito no referido á cobranza dos recibos atrasados polo servizo da auga. Por estes motivos, **Veciñanza non apoia que se dobre o a tarifa mínima nun servizo tan básico como é o da auga e optou pola abstención**. A ordenanza foi aprobada unicamente cos votos do Bipartito BNG-PSOE e contou co voto en contra dos catro edís do PP (dende fai varios meses, unha representante do Partido Popular deixou de acudir aos plenos).

Tamén, a petición de Veciñanza, quedou sobre a mesa a proposta de taxas para o uso das instalacións deportivas municipais. Santi Martínez explicou que Veciñanza presentará no próximo pleno unha proposta alternativa que enriqueza o borrador actual para regularizar este servizo.

